

ALFABETIZACIÓN INFORMACIONAL




**Formación de usuarios
Biblioteca Xoán Farías**

COLOREAR



**¡Ola, nenos e nenas!
Eu son Chispa.
Preséntovos ao meu amigo,
o Caracol Roi.**

**Ola, eu son Roi,
sei moito de libros e
de como coidalos...
¿Cóntovos algún truquiño?**



**BIBLIOTECA Xoán FARIAS
CEIP de Pazos - FERROL**

*Idea baseada na mascota "La cucuna Rayo de Luna",
da "BiblioCRA" de Santiago de Chile".



¡Ola!


Chispa invitoume a vivir na vosa BIBLIOTECA e a contarvos como coido os libros.

¿Queredes ler un pouco máis?

En primeiro lugar, eu visito a BIBLIOTECA do meu colexio de cada pouco, coma ti, e leo moitísimos libros.

... Mmmmm ¡Gústame ler!






O primeiro que hai que saber é que antes de tocar un libro temos que ter as nosas mans moi limpas.

Debes recordar lavalas ben para que non teñan restos de comida ou sucidade.

Se temos as nosas mans limpas, os nosos libros tamén estarán limpos.

Se lle dás a volta ás páxinas dun libro moi rápido, estas poden romper. ¡Que pena!


Cando eu leo paso a páxina collendo con moito coidado a puntiña de cada folla.



A min gústame moito traballar con papel e con lapis de cores, pero nunca faría raias ou pegaría ou dobraría a páxina dun libro. Por iso cando me sinto artístico uso ou quero escribir unha nota ou carta uso outro papel; non as páxinas dun libro.




Tamén me gusta ler, consultar e xogar no ordenador, nas páxinas adaptadas á miña idade. ¡Ou ver pelis!, só ou con un amigo ou amiga. Shhhh! En sileencio, para non molestar aos demais...



Así que debemos recordar estas reglas de ouro:

1. Mans limpas,
libros limpos.
2. Os libros non se
pintan nin estropean.
3. Coidamos os libros
cando pasamos as
páxinas.



Recorda
lavar
as mans

Podes usar
o ordenador
para buscar
informaci3n